

Revista GALEGa  
de filoloxía

# monografía 9

## Lingua, texto, diacronía

Estudos de lingüística  
histórica

Leticia Eirín García  
Xoán López Viñas  
(editores)

Revista GALEGA  
de filoloxía

*monografía* **9**

*Leticia Eirín García*

*Xoán López Viñas (editores)*

**Lingua, texto,  
diacronía.**

**Estudios de  
lingüística  
histórica**

---

**Director:** Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

**Subdirector:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretario:** Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

**Edita:** Área de Filoloxías Galega e Portuguesa  
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

**Depósito Legal:** C 2238-2014

**ISBN:** 978-84-9749-609-4

**Distribúe:** Consorcio Editorial Galego: [pedimentos@coegal.com](mailto:pedimentos@coegal.com)

**Deseño:** Torné Asociados

**Maquetación:** Antonio Souto

## Índice

Limiar <i>Leticia Eirín García / Xoán López Viñas</i>	5-7
Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, <i>constitutio</i> e <i>interpretatio textus</i> <i>Mariña Arbor Aldea</i>	9-31
Denominacións metafóricas dos órganos sexuais femininos, vinculadas ao campo sémico do aloxamento, nas cantigas de escarnio e maldizer <i>Xosé Bieito Arias Freixedo</i>	33-58
A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo <i>Mercedes Brea</i>	59-96
Construcións com <i>ser</i> , <i>estar</i> e <i>jazer</i> na historia do portugués: notas em torno de innovación, persistencia e obsolescencia <i>Maria Teresa Brocardo</i>	97-107
Poetics, Historical Grammar and Textual Criticism: <i>Augua</i> or <i>Agua</i> in Pero Meogo? <i>Rip Cohen</i>	109-122
Corominas e a etimoloxía galega <i>Rosalía Coto García</i>	123-141
O alógrafo sigmático do grafema <z> na documentación medieval galega <i>Pedro Dono López</i>	143-159
O léxico do proceso amoroso nas cantigas de amor de Don Denis <i>Leticia Eirín García</i>	161-175
Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga «Ansur Moniz, mui'ouve gran pesar» [B 482, V 65] <i>Manuel Ferreiro</i>	177-196
<i>Vós sodes mui fraquelina molher</i> . Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana <i>Xosé Ramón Freixeiro Mato</i>	197-225
A alternancia <i>h-/Ø</i> entre “ortografía alfonsí” e “ortografía dionisina” <i>Pär Larson</i>	227-238
Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o <i>GLOSSA</i> <i>Xoán López Viñas</i>	239-256
Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino <i>-iŕs</i> <i>Ramón Mariño Paz</i>	257-290
Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha <i>Ricardo Pichel Gotérrez / Xavier Varela Barreiro</i>	291-318
<i>Caer/cair</i> e similares. Algúns apontamentos filolóxico-linguísticos <i>José Luís Rodríguez</i>	319-350
Aproximación aos pronomes demostrativos nos primordios da Idade Moderna <i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i>	351-368
Os primeiros escritos em galego-portugués: revisão e balanço <i>José António Souto Cabo</i>	369-393



---

## O alógrafo sigmático do grafema <z> na documentación medieval galega

---

Pedro Dono López  
Universidade do Minho

### 0.

O presente contributo pretende abordar un aspecto relacionado coa transcripción e edición de documentos medievais galegos, como é o do tratamento que debe ser dado ás realizacións ou alógrafos sigmáticos do grafema <z>. Aínda que as prácticas editoriais teñen sido bastante unánimes neste sentido, optando por unha transcripción como *z'*, consideramos que a situación, ou mellor situacións, que nos transmiten os manuscritos están lonxe de estar exentas de problemas no que a este punto se refire, pois a posibilidade de confluencia con alógrafos do grafema <s> admite, polo menos, unha reconsideración desta opción ecdótica. No contexto galego contamos coas aproximacións recentes á cuestión de Pichel (2013, no prelo)<sup>2</sup> e Bouzas (2012) ao fio da edición da *Histoira Troiana* e de documentación inédita do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil do século XV, respectivamente, con opcións editoriais que van no mesmo sentido que acabamos de apuntar, salvo no caso de Ricardo Pichel, que apunta solucións diferentes para as dúas edicións, paleográfica e crítica, que fai do seu texto. O noso propósito é atender ás realizacións sigmáticas do grafema na documentación notarial, nunha abordaxe grafemática que se sitúa na liña de estudos como o de Maure (2006) sobre o *Tombo do hospital dos pobres de Tui*.

### 1.

Esta aproximación ten en conta fundamentalmente tres conxuntos de diplomas autorizados por notarios que actuaron na cidade de Ourense ou nas terras medievais á súa volta, como é o caso, para a situación do século XIII, do notario de Búbal, Orcellón, Castela e O Bolo de Senda Johán Ares, con pergamiños que hoxe fan parte

---

1 As edicións de Fernández de Viana y Veites (1994) ou Maia (1997) incorporan o sigma grego para estes casos.

2 A Ricardo Pichel agradézolle o envío do seu traballo aínda inédito sobre diferentes aspectos paleográficos e grafemáticos da *Historia Troiana*, entre eles o que aquí nos ocupa.

dos fondos documentais de mosteiros como San Miguel de Bóveda, Melón, Aciveiro, Dozón, Santa Comba de Naves, mais principalmente de Oseira e San Clodio do Ribeiro de Avia. Xa para os séculos XIV e XV consideramos outros dous grupos de instrumentos: unha serie está constituída por documentación protagonizada polo notario ourensán Gonzalo Pérez do Mato e a súa descendencia, estreitamente vencellados ao mosteiro de Santa Comba de Naves sobre todo polo arrendamento do couto de Mende, nas inmediacións da cidade medieval de Ourense, e que nos permite acompañar as vicisitudes dunha xurisdición que deu lugar a numerosos conflitos entre o cabido ourensán e o mosteiro de Santa Comba. Complétase a análise cos pergamiños que autorizaron para o mosteiro de Santa Comba de Naves dous oficiais, o notario real Afonso García (1415-1436) e o tabelión de Ourense Xoán Paz (1441-1463). Só moi puntualmente foi empregada outra documentación, facilmente recoñecible ao longo desta exposición. Na selección dos textos, loxicamente, tívose en consideración que nos ofrezan un número de testemuños do fenómeno que nos ocupa que sexa representativo dos usos do notario ou escribán.

## 2.

A problemática editorial que se pretende abordar, exposta en poucas palabras, está relacionada con determinadas formas cursivas da grafía <z> que presentan unha importante semellanza con realizacións do <s> de dobre curva tamén produto dun trazado rápido da grafía. Ao tratar das características da letra gótica cursiva entre mediados do XIII e a primeira metade do XIV, Millares (1983<sup>3</sup>: I, 194) apunta, en relación coas formas do <s>, que aparece coa súa realización alta en posición inicial ou interior de palabra, ao tempo que en final de palabra acostuma presentar “aspecto parecido a una sigma medial” que, segundo Marín Martínez & Ruiz Asencio (1991<sup>5</sup>: I, 330), “no es sino el último grado de evolución de la doble curva”. Para a letra z indica o propio Millares (1983<sup>3</sup>: I, 194-195) que, “en el interior de un vocablo, tiene o bien su forma genuina [...], o bien otras, que en la escritura menos cursiva parece una s con un trazo horizontal tangente a su curva superior [...], o sólo se distingue de la s final en tener una prolongación ligeramente ondulada [...] o recta [...] en su parte superior”, mentres que en final de palabra, “sin que falten ejemplos análogos a los que acabamos de observar, lo corriente es ver confundidas en  $\sigma$  la s y la z”. Esta “confusión” esténdese ás posicións inicial e interior de palabra xa ben entrada a segunda metade do XIV, e recoméndase e mótvase, en termos de transcripción, que se opte por s ou z atendendo á “ortografía de la época” segundo o mesmo Autor (Millares 1983<sup>3</sup>: I, 227-228)<sup>3</sup>. Esta orientación, que aquí traemos nas palabras de Agustín Millares Carlo, ten sido seguida

3 Nestas páxinas da obra de Millares Carlo encontrárase unha exposición pormenorizada da casuística que manifestan os documentos do período en canto aos usos dos diferentes alógrafos de <s> e <z>.

pola práctica xeneralidade dos editores de documentos antigos. É o noso propósito realizar unha abordaxe fundamentalmente escriptolóxica sobre documentación galega que apoie a toma de decisións de carácter ecdótico.

### 3.

Para ilustrar o que acontece co grafema <z> durante o século XIII, atenderemos, como xa foi dito, aos documentos do notario trescentista Johán Ares. Nos pergamiños máis antigos deste tabelión real, a grafía <z><sup>4</sup> ocorre, usando as palabras de Millares Carlo, coa súa “forma genuina”, da que encontramos dúas realizacións: facendo a habitual analogía numérica, diremos que unha delas é semellante a un número 3 e outra ten forma de 5, sen que se observe un uso condicionado pola posición na palabra, como ilustran as mostras das palabras *voz* e *prezo* extraídos de documentos do ano 1274 (ACO Oseira 1145, 1146)<sup>5</sup> que aparecen a seguir.



Este alógrafo en forma de 5 dará lugar posteriormente ás realizacións sigmáticas da grafía. Da evolución no trazado da grafía son boa mostra as ilustracións que aparecen máis abaixo e que recolleemos no mesmo notario xa desde o ano 1277, xunto a exemplos de <s> de dobre curva para algúns documentos.

1277 (ACO San Clodio 1260)




1279 (ACO Oseira 1315)




- 4 Aínda que non é obxecto de atención neste traballo e a falta dun exame máis demorado que pretendemos realizar noutro lugar, non estará de máis deixar constancia de que nestes documentos máis recuados o notario emprega as grafías <z> e <ç> como realizacións diferentes dun mesmo grafema para representar os fonemas africados predorsais, sen distinción de sonoridade.
- 5 Para identificar os pergamiños do fondo monástico do Arquivo da Catedral de Ourense, acompañamos a sigla do depósito da indicación do mosteiro ao que pertence o documento e o número atribuído no catálogo de Leirós (1951).



1282 (ACO San Clodio 1352)



1289 (ACO San Clodio 1487)



#### 4.

Xa no século XIV, se reparamos nun pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves do ano 1333 (ACO Santa Comba de Naves 2271), o redactor, o monxe notario Ares Pérez, xa case non emprega a realización “genuina” do <z>, como diría Millares Carlo, aínda que se rexistran algúns casos illados en forma de 5 (uozes, Perez). Os trazados sigmáticos da letra son amplamente maioritarios (cozina, uozes, treze) e en final de palabra presentan a prolongación na parte superior (Perez, Nunez, uoz) que habitualmente as caracteriza fronte a realizacións de <s> (damos, Deus, nos). Apréciase, pois, que a cursivización de <z> cara a formas sigmáticas non chega a producir unha coincidencia coas realizacións do <s> de dobre curva, polo que haberá que interpretar esas grafías como alógrafos do grafema <z>, coas consecuencias que deste feito se derivan en termos de transcripción.



## 5.

Abordamos agora o segundo dos conxuntos documentais apuntados máis arriba, con documentos datados entre 1354 e 1464, comezando polas actas dun preito do ano 1354 entre o notario Gonzalo Pérez do Mato e o cabido de Ourense pola xurisdición do couto de Mende<sup>6</sup>, onde se rexistra unha innovación importante relativamente á situación que acabamos de describir. Para a presentación dos datos relativos aos usos gráficos do escribán nos contextos de africada predorsal sonora, partiremos da distinción entre a posición interior de palabra e a posición final absoluta. O grafema <z> presenta no interior da palabra dúas realizacións: unha delas, en forma de 5 (trezentos, fezo, viziño, rrazon), ocorre case exclusivamente nesta posición e é rara en posición final (só rexistramos dous casos nas palabras *juiz* e *Perez*), pero é moito máis habitual o emprego do alógrafo sigmático, que aparece en practicamente dous terzos das ocorrencias (fazer, fezeron, juizo, rrazon).



Xa en posición final alternan o <z> en forma de tres (que, ao contrario do que acontece en interior de palabra, é a opción preferida polo escribán: fez, Gonçalvez, Paez, voz)<sup>7</sup>, que non se emprega en posición interior de palabra, a realización sigmática do grafema (juiz, Paez, Perez, voz)<sup>8</sup> e unha outra realización sigmática análoga á do <s> de dobre curva. Téñase en conta que o grafema <s> presenta nesta posición (en inicio ou interior de palabra sempre aparece <f>) un alógrafo sigmático, que é hexemónico fronte á realización de dobre curva, aínda que esta tampouco é insólita.

6 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 71.

7 Son representativos dos usos do notario, no relativo ao emprego ou non da variante sigmática de <z>, os casos do substantivo *voz* e respectivo plural ou das diferentes formas do paradigma de *fazer*: no primeiro caso, a forma de singular con realización sigmática ocorre en 14 ocasións por 36 da non sigmática; invértese a situación na forma de plural (6 fronte a 2). A situación non diverxe moito da das formas do paradigma de *fazer*: en interior de palabra prefírese o alógrafo sigmático (20 ocorrencias fronte a 6), fronte ao que ocorre en posición final (4 casos contra 17).

8 Consideramos que entre os casos de grafía sigmática de <z> en posición final cando esta ocorre cunha abreviatura de *er* ligada (dizer, fazer). Repárese que a diferenza formal con <s> coa mesma abreviatura é bastante difícil de establecer (cf. as ilustracións de *fazer* e *dizer* fronte a *dereytos*).



Se en posición interior non habería grandes dúbidas canto á interpretación das formas sigmáticas como alógrafos de <z>, ao non ocorrer aquí a variante de dobre curva do <s>, xa en posición final a confluencia dos alógrafos sigmáticos de <z> e <s> é patente en determinados contextos. Deixando á parte as non escasas ocorrencias que podemos considerar dubidas (cf. as ilustracións *Cruz*, *Gonçalues* e *Perez* fronte a *martes*), esta realización sigmática de <s> de dobre curva en contexto de africada/fricativa predorsal só ocorre no caso dalgúns patronímicos abreviados e en alternancia cos restantes alógrafos presentados máis arriba (*Fernandez* / *Fernandes*, *Gonçalues* / *Gonçalues*, *Perez* / *Perez* / *Peres*, *Esteuêez* / *Esteuêes* / *Esteuêes*).



Recollemos no cadro que aparece a continuación todas as formas de patronímicos do documento identificando o alógrafo que presentan en cada caso e co número de ocorrencias entre paréntese. Como se pode comprobar, só é posible rexistrar unha ocorrencia relevante desta confluencia de variantes sigmáticas nos patronímicos *Fernández*, *González* e *Pérez*<sup>9</sup>.

9 Casos desta confluencia dos alógrafos sigmáticos de <z> e <s> en posición final e en patronímicos abreviados (e só neste contexto) encontrámoslos na colección diplomática de Santa Comba de Naves xa nun documento de 1344 (ACO Santa Comba de Naves 2465): *Gomes*, *Martīs*, *Peres* ~ *Peres* (6 casos).

Sen abreviar	<z>	<σ>	<s>
	Esteueez (6)	Esteueez ~ Esteueez ~ Esteueez (4)	Esteuees
Fernandez	Fernandez ~ Fernandez (7)		Fernandes ~ Fernandes ~ Ffernandes ~ Ffernandes (12)
Gonçaluez (5) Gonçalues		Gonçaluez ~ Gonçaluez (2)	Gonçalues ~ Gonçalues (6)
Paez (14) Paeσ (6)		Paez (3)	
	Perez (49)	Peres (2)	Peres ~ Peres (50)
Beltranez Gomez (4) Gomeσ (3) Nunez	Meendez	Nunes	

Achegamos tamén información sobre os valores totais de uso de cada un dos alógrafos no documento, aínda que os datos incluídos nel deberán ser tomados con moita cautela. Repárese só en que se rexistra ata un 23% de ocorrencias do alógrafo sigmático de <s> en posición final, mais, contrastando o dato co cadro anterior, verificase que a maior parte das ocorrencias corresponden a un único patronímico.

Posición	<z>		<σ>		<s>		Total
<b>Interior</b>	43	33, 86%	84	66, 14%	–	–	127
<b>Final</b>	171	57, 20%	59	19,70%	69	23,10%	299
<b>Totais</b>	214	50, 23%	143	33,57%	69	16,20%	426










En suma, as tipoloxías sigmáticas de <z> predominan en posición interior de palabra fronte á variante en forma de 5 neste extenso documento de 1354. Ao tempo, en final absoluto de palabra prefírese o alógrafo non sigmático en forma de 3 e xurden nas formas abreviadas dos patronímicos mostras de confluencia das realizacións sigmáticas dos grafemas <z> e <s>.

## 5.1.

Nunha versión abreviada do diploma que acabamos de analizar<sup>10</sup>, as opcións gráficas son un tanto diferentes, como diverso é o redactor (agora, o propio

10 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 70.

notario e non un seu escribán), pois xa nin sequera ocorre practicamente a realización sigmática do grafema <z>. A variante en forma de 3 da grafía é a máis empregada tanto na posición final como en interior de palabra (a miúdo con morfoloxía moi semellante á de 5, con casos de difícil adscripción), pero tamén en final de palabra alterna neste pergamiño con alógrafos de <s> (véxanse abaixo mostras das tres variantes no segmento “et das testemuyas adeante escriptas”) e no mesmo contexto que apuntamos máis arriba, en formas abreviadas de patronímicos (Gonçaluez / Gonçalues, Fernandez / Fernandes, Martiis). A única ocorrencia dun alógrafo sigmático que podemos atribuír ao grafema <z> dáse nun caso de *rrazon*, fronte a 13 testemuños de *rrazon* ou *rrazões* non sigmáticos, cunha morfoloxía idéntica á dunha das variantes de <s> final (cf. o exemplo de *sentenças*).



Sen abreviar	<z>	<σ>	<s>
Beltranez			Beltranes
Fernandez	Fernandez ~ Fernandez (4)		Fernandes
Gonçaluez (5)			Gonçalues (3)
			Martiis (2)
			Peres (49)

## 5.2.

Nun documento dúas décadas posterior, o testamento de Gonzalo Pérez do Mato (1370)<sup>11</sup>, as realizacións non sigmáticas de <z> son inabituais, ao paso que encontramos un uso consistente da realización sigmática do grafema en posición interior de palabra e da confluencia única e exclusivamente no caso dos patronímicos abreviados (salvo nun caso de sigmático en *Uaasquez*). Recollemos no cadro seguinte todos os contextos de africada predorsal sonora do breve documento clasificadas segundo o alógrafo que presentan, identificando as ocorrencias debidas a unha man diferente da do redactor do diploma (localízanse estes testemuños nas subscricións do notario ou chanceler, cando estes non redactan o documento) así como as formas sigmáticas finais con abreviación de *er* ligada.

	<z>	<σ>	<s>
<b>Interior</b>	duzentos, quatorze (2), rrezar	amyzade, cruzado/s (12), duzentos, fazer ~ fezemos (2), lazerados, Lazero, quinze (2), rrayzes (2), rrazon (4), uezes, veziño	
<b>Final</b>	dez (3), Diaz*, Gonçaluez	dezer**, fazer (2)**, Uaasquez, uoz	Domingues, Fernandes, Gonçalues*, Peres ~ Peres (11), Rrodrigues

\* Escrito por man diferente da do escribán do diploma.


\*\* Posición final con abreviatura de *er* ligada.

## 5.3.

De 1372 data un extenso documento que recolle as partillas de Maior Pérez e María do Mato, fillas de Gonzalo Pérez do Mato<sup>12</sup>. A situación que presenta é moi semellante á do documento anterior, reforzando algunhas tendencias observadas naquel pergamiño. Repárese que agora xa desaparecen completamente as realizacións non sigmáticas de <z>. É tamén de sinalar, unha vez máis, a proximidade entre os alógrafos de <s> e <z>, aínda que en xeral sexa posible diferenciar as realizacións dunha e outra grafía onde ocorren ambas, en posición final, como xa foi dito (cf. os casos dubidosos de *dez*, *Gomariz* ou *iaz* en contraste cos segmentos *d'Ourense*, *ellas* e *outros noue moyos*).

11 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 4.

12 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 69.



	<z>	<σ>	<s>
<b>Interior</b>		dizia ~ dizian (4), dizimo ~ dezemo (4), doze (2), fazen ~ fezeran ~ ffezeran ~ fezo ~ ffazemos ~ ffazia ~ ffezera ~ ffezeron ~ fezeron ~ ffezesen (16), jazen ~ iazen (6), juyzo (2), onze (3), perjuizo, quinze, rrazon (4), rreyzes (6), treze, vozes (4)	
<b>Final</b>		cruz ~ Cruz (2), dez (2), Diaz (2), diz (67), ffazer** ~ ffez (5), Gomariz (2), iaz (2), juyz, Rrodríguez, uoz ~ voz (14)	Domingues ~ Domjngues (2), Ffernandes ~ Fernandes ~ Fernandes (13), Gomes, Gonçalues ~ Gonçalues (3), Peres (116)*

\* Dúas das ocorrencias escritas por man diferente da do escribán do diploma.

\*\* Catro ocorrencias en posición final con abreviatura de *er* ligada.

### 5.4.

En 1390, no testamento de Maior Pérez<sup>13</sup>, filla de Gonzalo Pérez do Mato, encontramos unha situación practicamente idéntica á descrita para o testamento de seu pai, reforzando máis aínda as tendencias apuntadas no documento de 1370: case inexistencia de realizacións non sigmáticas de <z> e ocorrencia de patronímicos abreviados unicamente co alógrafo sigmático de <s>.

	<z>	<σ>	<s>
<b>Interior</b>	dezian, perjuizo	azeyte, fezo, jazen, jazendo, Lazaro, lazerados, mdoznos, quinze, rraizes (2), rrezadas (2), trezentos, vezes	
<b>Final</b>		Cruz, dez (2), dizer**, jaz (3), juiz, uoz, vez (2)	Domjngues, Fernandes ~ Fernandes (2), Gomes, Peres (19)*, Rrodrigues, Uasques ~ Vasques (6)


\* Dúas ocorrencias escritas por man diferente da do escribán do diploma.

\*\* Posición final con abreviatura de *er* ligada.

13 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 42.

## 5.5.

No testamento de Estevo Lourenzo (1411)<sup>14</sup>, home de Maior Pérez, no entanto, os usos gráficos do redactor mudan sensiblemente: as realizacións sigmáticas de <s> aparecen xa en interior de palabra (con maior presenza, é ben certo, do alógrafo alto, ata agora o único posible neste contexto), con identidade formal coas de <z> (d'Ourense, cousa, misa / quinse, rraçon), ao tempo que se reforza a presenza de alógrafos non sigmáticos de <z> nese mesmo contexto. En posición final, a confluencia das realizacións sigmáticas de <z> e <s> xa non só se dá nos patronímicos, agora tanto abreviados como por extenso, pois xa aparece en termos como *dez* ou *voz* (v. as ilustracións de *des* / *deos* e *voz* / *vos*), aínda que nestes casos continúe a preferirse unha realización sigmática diferenciada de <z>.



	<z>	<σ>	<s>
<b>Interior</b>	dizemo (2), dizer (2), doze, duzentos (2), fazenda, fazer, jazen ~ jazendo, lazerados (2), Lazero, rraizes, rrazón, rrezadas ~ rrezen, trezentos (2), vezes, voces (2)	disendo, faser ***, Gij[n]so, quinse, rraçon, visjno/s (4)	
<b>Final</b>	jaz (2), voz	dez (5), fiz (2)**, jaz (2), cruz, uoz	des (2), Fernandes ~ Fernandes ~ Fernandes (5)***, Gomes, Gonçalues ~ Gonçalues (3), Martiis, Peres (4)*, Rrodrigues ~ Rrodrigues (5), Sanches, Suares, Vaasques, vos

\* Unha ocorrencia escrita por man diferente da do escribán do diploma.

\*\* Dúas ocorrencias escritas por man diferente da do escribán do diploma.


\*\*\*Posición final con abreviatura de *er* ligada e escrito por outra man.

14 Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 14.



### 5.6.

Pechamos esta serie diplomática prestando atención a un compromiso ou sentenza de 1464 en que se dirime novamente a xurisdición do xa anteriormente aludido couto de Mende entre o cabido de Ourense e o mosteiro de Santa Comba de Naves, e que é ben expresivo da coexistencia de diferentes tradicións gráficas na escrita documental medieval, pois de algunha maneira vén “discordar” en parte da presentación que viñemos facendo e na que entrevía unha sorte de evolución nos usos dos redactores ao longo do período, sobre todo no referente á confluencia de alógrafos en posición final. Aquí ten unha maior presenza a realización sigmática de <s> en interior de palabra (quiser, dejuso) e verificamos tamén unha opción do escribán, case exclusiva, por alógrafos non sigmáticos de <z>. Por isto, a interpretación dos poucos casos en que nestes contextos interiores de <z> aparece unha variante sigmática (en concreto, só hai un testemuño, *vesjna*) non debe ofrecer grandes dúbidas: o emprego de alógrafos non sigmáticos ven “contrariar” a presenza en interior de palabra, con tendencia a confluir, das variantes sigmáticas de <z> e <s>. En fin de palabra, nos patronímicos, rexistramos a mesma situación que revelaba o preito de 1354: só cando abreviados presentan un alógrafo idéntico cos do grafema <s> (Gonçaluez / Gonçalues / Fernandes).



	<z>	<σ>	<ς>
<b>Interior</b>	dizando ~ dizia ~ dezia (3), enduzidos, fezese, juizes (6), juizio/s (3), plaze, plazer, quato[r]ze, rrazon (3), rreduzido, sazón, Torrezela (2), treze		vesjna
<b>Final</b>	Gonçaluez ~ Gonçaluez (10), Lopez (4), paz, juiz ~ juyz (3), diz, Gomez (4)	synplez mente, Gonçaluez~ Gonçaluez (4), Lopez	Fernandes (5), Peres

## 5.7.

A modo de balance do que se comentou para esta serie documental, convén destacar que, en termos moi xerais, é patente unha tendencia clara ben para o emprego de alógrafos sigmáticos, ben para tipoloxías non sigmáticas. Por outra parte, desde mediados do século XIV verifícase a confluencia das realizacións sigmáticas de <z> e <s>, pero nun contexto moi concreto, os apelidos patronímicos abreviados. Xa no século XV esta confluencia, aínda que de xeito non sistemático, esténdese a outros tipos de palabras alternando cos alógrafos de <z>.

## 6.

Finalizamos este percuso pola escrita instrumental galega considerando os diplomas redactados por dous notarios para o mosteiro de Santa Comba de Naves entre os anos 1415 e 1463, como é o caso do tabelión real Afonso García e do notario público de Ourense Xoán Paz.

### 6.1.

Atendemos en primeiro lugar aos usos gráficos de Afonso García, con 14 documentos datados entre 1415 e 1436, e que acostuma subscribir coa fórmula “notario por García Ferrnandes Sarmento, endeantado mayor enno rreigno de Galiza por noso señor el rrey, en todas suas terras et vilas et lugares et jurdiçon et señorío do dito rreigno de Galiza”, con algunhas variantes que inclúen alusión ás terras do Ribeiro de Avia, Chao de Castela, Búbal e O Bolo de Senda (tamén aparece nalgúns documentos como “notario de noso señor el rrey ennas terras de Maçenda de Montes con Rriba de Mjño et do Rribeiro d’Abia et do Chãao de Castela et do Vuval et do Bolo de Senda et coutos de Doçon,”). En Afonso García, salvo no primeiro segmento temporal dos tres en que clasificamos as ocorrencias, en posición interior predominan as realizacións sigmáticas de <z>; non caben dúbidas sobre a súa interpretación como alógrafo desta grafía, pois a realización sigmática do <s> de dobre curva non se usa en interior de palabra, mais si en posición inicial e final. Ademais, verifícase certa concentración das ocorrencias da variante non sigmática á volta duns poucos termos (vozes, Galiza), e mesmo para algúns, como pode ser o caso do nome do reino, manifesta preferencia por este alógrafo. En posición final conséntase unha confluencia total entre as realizacións de <z> e <s>, e só ocasionalmente aparecen tamén alógrafos non sigmáticos de <z>, nomeadamente no caso da palabra voz (a necesidade de discriminación relativamente ao pronome persoal de P5 átono ou tónico non debe ser allea a este feito).

	Posición	1410-1419	1420-1429	1430-1440
z	<b>Interior</b>	dezenbre, djzemo ~ dizemo (2), donzela (2), doze, fazer, fezerdes (4), Galiza (6), jazen, quatroze, rrayzes, vozes ~ uozes (12)	donzela (2), fazer, Galiza (8), juyzo, viziños, vozes (11)	dizer, doze, fazemos, fazermos, fazer, Galiza (6), jazen, vozes (17)
	<b>Final</b>	diz, fazer (2)*, fiz	fazer (4)*, Gomez, voz (2)	fazer*, fiz, voz (7)
σ	<b>Interior</b>	Cornozes (2), dizemo (2), doze, fazendo (2), fazer, Galiza (4), quinze (2), rrayzes, treze (2), vozes (18)	contradizendo, dizemo (3), duzentos, enduzida, fazedes, fazendo, fazer, fezera, fezeren ~ fezeren (2), fezeron, fezo (2), Galiza, jazen ~ jazen (3), juizo, prazer, quatroze, rrazon (4), treze, trezentos, vozes (33)	dizemo (3), dizendo (3), dizer, donzela (2), doze, duzentos (3), fazer (4), fezerdes (3), fezo, Galiza (2), jazen (3), juizo (2), quinze (2), rrazon (2), trezentos, vozes (17)
	<b>Final</b>	fazer (2)*		
s	<b>Final</b>	des (3), dis, Esteuees ~ Esteues ~ Esteues (8), Ferrnandes ~ Ferrnandes (6), fis (3), Gomes (3), jas (2), Lopes (3), pas (2), Peres ~ Peres (5), Rrodrigues ~ Rrodrigues (2) Sanches (3), uos ~ vos (15)	Crus, des (3), Esteues ~ Esteuees (3), Ferrnandes (2), fis (4), Gomes (10), Gonçalues (4), jas (5), juis (7), Lopes ~ Lop[e]s (22), Martiis, Nunes, pas (4), Paas, Peres ~ Peres (10), Rrodrigues (2), Sanches (5), vos (5)	des, Esteues (7), Ferrnandes, fis (4), Gonçalues (6), jas (3), juis (7), Lopes (4), pas (2), Rrodrigues ~ Rrodrigues (5), Sanches ~ Sanches (8), vos (10)

\* Posición final con abreviatura de *er* ligada

## 6.2.

Consideramos agora os pergamiños de Xoán Paz (1441-1463), notario público da cidade de Ourense que tamén actuou, tal como constata a súa subscrición, como tabelión do mosteiro de Santa Comba de Naves. Nos documentos que autorizou para o mosteiro, normalmente é el mesmo o redactor do texto, rexistrándose aínda a intervención de dous escribáns seus. Dun deles conservamos tres documentos dos anos 1441 e 1442 nos que xa se verifica a igualación de realizacións de <z> e <s> en interior de palabra (quiserdes, dese, vso / rraises, donzela, de se faser, voses). No entanto, nos contextos de africada predorsal sonora tamén encontramos, aínda que en menor medida (salvo en casos moi puntais, como pode ser o de *vozes*), a realización non sigmática de <z>, tanto en posición interior como final. Aínda se rexistra algún resto do <z> sigmático final.




	<z>	<σ>	<s>
<b>Interior</b>	dizemo (2), donzela, dozentos, fazer, voces (13)	dezenbro	disemo, donsela (2), dosentos, faser (2), faserdes, quatorse, rraises (3), voses (3)**
<b>Final</b>	dez, Paaz (6)*, voz (4)	voz	fis ~ ffis (6)*, Gomes ~ Gomes (6), Outaris, vos (3)

\* Escrito por man diferente da do escribán do diploma.

\*\* Unha das ocorrencias está corrixida sobre *vosas*.

### 6.3.

O propio notario redactou un conxunto de diplomas para Santa Comba que se concentran en dous períodos distintos: un que vai de 1443 a 1446 (5 documentos) e outro con pergamiños de 1460 a 1461 (9 documentos). Os usos do notario son sensiblemente diferentes daqueles que acabamos de expor para o seu escribán, pois en posición interior de palabra (cunha presenza cuantitativamente análoga á do alógrafo non sigmático, pero cun repertorio de contextos moito máis amplo) emprega unha grafía sigmática diferente da que aparece en contextos de fricativa apical, aínda que pode confluír con esta ocasionalmente (noso / voses, faser, vos; duserentos e tezentos, trese, duserentos; vos e vosas voses vasalos). En posición final encontramos algún exemplo de emprego de alografías non sigmáticas de <z>, nomeadamente no caso de *voz*, feito que tampouco agora debe ser alleo á posibilidade de confusión co pronome personal de P5, ou para o patronímico do notario.



	Posición	1443-1446	1460-1461
z	<b>Interior</b>	Chauzela, <i>dezenbro</i> , <i>dizemo</i> ~ <i>dizimo</i> (2), <i>donzela</i> (2), <i>duzentos</i> (2), <i>rrayzes</i> , <i>treze</i> (2), <i>viziño</i> , <i>vozes</i> (11)	<i>dizemo</i> ~ <i>dizimo</i> (8), <i>donzela</i> (3), <i>duzentos</i> ~ <i>dozentos</i> (2), <i>fazer</i> (2), <i>fezera</i> (2), <i>jaze</i> , <i>onze</i> , <i>quinze</i> , <i>rrazon</i> , <i>treze</i> , <i>viziño/s</i> (3), <i>vozes</i> (35)
	<b>Final</b>	<i>dez</i> , <i>Gomez</i> , <i>Paaz</i> (7), <i>voz</i> (5)	<i>Allariz</i> , <i>dez</i> (2), <i>ffiz</i> ~ <i>fiz</i> (5), <i>jaz</i> , <i>Paaz</i> (16), <i>paz</i> (3), <i>voz</i> (22)
σ	<b>Interior</b>	<i>dezenbro</i> , <i>dizemo</i> (2), <i>donzela</i> (3), <i>duzentos</i> (3), <i>fazer</i> (4), <i>fezer</i> , <i>fezo</i> , <i>rrayzes</i> (4), <i>vozes</i> (6)	<i>dizemo</i> (6), <i>dizen</i> , <i>donzela</i> ~ <i>donzela</i> (3), <i>duzentos</i> ~ <i>duzentos</i> (5), <i>enduzido</i> , <i>fazer</i> (8), <i>fazia</i> , <i>fezer</i> (2), <i>fezeran</i> (2), <i>fezemos</i> , <i>fezerdes</i> , <i>fezestes</i> , <i>jazen</i> , <i>onze</i> , <i>plazer</i> , <i>quinze</i> (2), <i>rrayzes</i> (7), <i>vozes</i> (9)
	<b>Final</b>	<i>voz</i>	
s	<b>Interior</b>	<i>disemo</i> , <i>dusentos</i> (3), <i>jasen</i> , <i>trese</i>	<i>faser</i> (2), <i>feso</i> (2), <i>rrayzes</i> (2), <i>rason</i> (2), <i>sason</i> , <i>visiño</i>
	<b>Final</b>	<i>des</i> (2), <i>ffis</i> ~ <i>fis</i> (6), <i>Ferrnandes</i> , <i>Gomes</i> (4), <i>Gonçalues</i> ~ <i>Gonçalues</i> (3), <i>jas</i> , <i>Lopes</i> (9), <i>Nunes</i> (4), <i>Paas</i> (3), <i>Peres</i> (4)	<i>Aluares</i> , <i>des</i> , <i>Domingues</i> , <i>ffis</i> (3), <i>Ferrnandes</i> ~ <i>Ferrnandes</i> ~ <i>Fferrnandes</i> (5), <i>Gomes</i> ~ <i>Gomes</i> (9), <i>Gonçalues</i> ~ <i>Gonçalues</i> ~ <i>Gonçalues</i> ~ <i>Gonçalues</i> (13), <i>Lopes</i> (7), <i>Martīs</i> (3), <i>Outeris</i> , <i>Paas</i> , <i>Peres</i> (8), <i>Vaasques</i> ~ <i>Vaasques</i> (6), <i>vos</i> (3)

## 7.

Chegamos á fin deste percurso entendendo que se cadra esta presentación eminentemente descritiva non ten máis que un carácter parcial, limitado, e as situacións presentadas aquí serán susceptibles de múltiples matizacións, correccións ou rectificacións, mais consideramos que terá algunha representatividade con respecto aos usos gráficos medievais do alógrafo en análise. Só agardamos que nalgunha medida contribúa a informar a toma de decisións no referente á edición documental, aínda que as opcións editoriais estarán dependentes en boa medida do modelo de edición (ou multiedición) escollido. Agora ben, parece que se constata que, se ben é certo que nas mostras analizadas se manteñen diferenciados en boa medida os diversos alógrafos de <z> e <s>, tamén o é que haberá que estar atentos aos casos en que xa temos unha “neutralización” desa diverxencia, sexa no século XIV coa confluencia das realizacións nos patronímicos abreviados, sexa no XV cando o alógrafo sigmático de <s> comeza a usarse en interior de palabra. O editor de instrumentos me-

dievais non deberá deixar de ter en consideración estes feitos, optando mesmo por solucións editoriais que chamen a atención sobre a efectiva igualación gráfica das representacións destes grafemas, tanto en posición final como interior de palabra, nomeadamente naquelas transcricións que invoquen un respecto escrupuloso polas grafías.

## Referencias bibliográficas

- Bouzás, P. (2012): “Análise fonética e fonolóxica dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (séc. xv)”, *Verba* 39, 219-243.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1994): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón* (Lugo: Deputación Provincial).
- Leirós Fernández, E. (1951): *Catálogo de los pergaminos monacales del archivo de la S. I. Catedral de Orense* (Santiago: El Eco Franciscano).
- Maia, C. A. (1997) [1986]: *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referêncía à situação do galego moderno)* (s. I.: Fundação Calouste Gulbenkian – Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica, Reimpresión da edición do INIC).
- Marín Martínez, Tomás; José Manuel Ruiz Asencio (dirs.) (1991<sup>5</sup>) [1982]: *Paleografía y diplomática*, 2 vols. (Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia).
- Maure Rivas, Xulián (2006): *Para unha escriptoloxía do Galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490)* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Millares Carlo, Agustín (1983<sup>3</sup>) [1929]: *Tratado de paleografía española*, 3 vols. [con la colaboración de José Manuel Ruiz Asencio] (Madrid: Espasa-Calpe).
- Pichel Gotérrez, R. (2013): “En torno a la presentación crítica de un texto medieval gallego-castellano (s. XIV). Algunos aspectos grafemáticos”, en Fernández López, M.C. / Suárez Fernández, M. / Veiga, A. (eds.), *Oh lux Iberiae. En torno a las letras en la España Medieval*, 135-162 (Lugo: Axac).
- Pichel Gotérrez, R. (no prelo): “Algunos aspectos paleográficos y grafemáticos conflictivos de la *Historia Troyana* (sección castellana, 2ª mitad del s. XIV)”, en *Actas del II Congreso Internacional Tradición e Innovación: nuevas perspectivas para la edición, la investigación y el estudio de documentos antiguos (Neuchâtel, 2011)*.





Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÁREA DE FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA

